

## CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Tras constituirse a nova Corporación 2023-2027, en sesión plenaria extraordinaria de organización e funcionamento, acordouse establecer a periodicidade das sesións ordinarias plenarias, figurando no acordo que no mes de xullo e agosto se decidirá a data, en función das necesidades dos servizos.

Vista a relación de expedientes concluídos e de asuntos posta a disposición desta Alcaldía aos efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que o Pleno da Corporación deberá celebrar, e emitido o decreto de convocatoria de data 17.07.23,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

**CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro, **día 20 de XULLO /2023 ás 20 HORAS,** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

### **ORDE DO DÍA**

#### **I) PARTE DISPOSITIVA**

- 1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións do 26.06.23 E 29.06.23 (Extraordinarias).
- 2º.- Proposta de aprobación de bases de execución do orzamento (Base nº 52).
- 3º.- Proposta sobre réxime de adicacións e retribucións de membros da Corporación.
- 4º.- Ratificación de decreto de nomeamento de persoal eventual.
- 5º.- Modificación do texto da ordenanza de instalacións ou servizos de tempada e instalacións provisionais en xeral, reguladas no artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia.
- 6º.- Moción do grupo político municipal do Partido Popular instando a elaboración e aprobación de ordenanza municipal reguladora da acampada.
- 7º.- Moción do grupo político municipal do Partido Popular, instando establecer os medios necesarios para grabación das sesións dos órganos colexiados e posterior publicación en medios dixitais.
- 8º.- Moción do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, instando o establecemento de medidas en punto da AC-116 á altura da Escola de Lago para protección dos menores e usuarios que transitan a zona.

## II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

9º.- Dación de conta dos integrantes das comisións informativas á vista dos escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos políticos.

10º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos nos meses de maio e xuño de 2023.

11º.- Dar conta de reparos da intervención municipal.

12 º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE